

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

ORDE do 13 de xullo de 2021 de incremento do crédito da Orde do 5 de xaneiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2021, para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas a proxectos colectivos, financiados polo FEMP, para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables, tramitada como anticipado de gasto (código de procedemento PE209B).

Con data do 5 de febreiro de 2021 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Orde do 5 de xaneiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2021, para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas a proxectos colectivos, financiados polo FEMP, para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables, tramitada como anticipado de gasto.

O obxecto da orde de convocatoria que establece as bases de convocatoria consiste na elaboración e desenvolvemento de proxectos que teñan por obxecto recuperar hábitats mariños e costeiros en favor de poboacións de especies de interese marisqueiro ou que contribúan a unha mellor xestión ou conservación dos recursos biolóxicos mariños, incluíndo actividades destinadas á redución da contaminación física e química, medidas de conservación positivas cuxo obxectivo sexa protexer e conservar a flora e a fauna, incluída a repoboación ou reintrodución de especies autóctonas, actuacións destinadas a previr, controlar ou eliminar especies exóticas invasoras que poñan en perigo a conservación destes hábitats e especies, e que se centren en hábitats costeiros de importancia para reprodución dos organismos mariños.

As axudas previstas na orde de convocatoria concédense con cargo á aplicación orzamentaria 15.03.723A.770.1, código de proxecto 2016 00293, dotada con fondos do FEMP (Prioridade 1. Fomentar unha pesca sustentable, OE1.b), medida 1.2.1).

O artigo 3.4 das bases reguladoras establece que os importes consignados, así como as aplicacións a que se imputen, poderán ser ampliados en función das dispoñibilidades orzamentarias, sen que iso dea lugar á apertura de novo prazo de presentación de solicitudes.

CVE-DOG: tf4fuj3-zgj7-itt3-xqf4-zoqnb5uuqyy8



Debido a que o crédito previsto na citada orde non resulta suficiente para atender todas as solicitudes cuxo obxecto é susceptible de subvención e consonte o disposto no artigo 30.2.b) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderase prever a posibilidade de ampliar o crédito cando o aumento veña derivado, entre outros, da existencia de remanentes doutras convocatorias con cargo a crédito doutro programa do mesmo servizo, polo que se considera oportuno incrementar o dito crédito co obxecto de contribuír ao logro do obxectivo específico de protección e recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos, dentro do programa operativo FEMP 2014-2020.

Por todo o antedito, facendo uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único. *Incremento de crédito*

Incrementábase o crédito destinado ao financiamento das axudas previstas na Orde do 5 de xaneiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2021, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos colectivos, financiados polo FEMP, para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables, tramitada como anticipado de gasto.

O importe total do incremento de crédito é de 312.000,00 € para a anualidade 2021, consignada na aplicación orzamentaria 15.03.723A.770.1, código de proxecto 2016 00293, quedando o crédito destinado a estas axudas por importe máximo total de 1.312.000 €, coa seguinte distribución:

– Anualidade 2021: 812.000,00 €.

– Anualidade 2022: 500.000,00 €.

As porcentaxes de cofinanciamento das axudas son do 75 % con fondos FEMP e o 25 % pola Comunidade Autónoma.

En todo caso, a concesión das axudas estará limitada ás dispoñibilidades orzamentarias.

CVE-DOG: tf4fuj3-zgj7-itt3-xqf4-zoqnb5uuqyy8



A publicación desta orde non supón apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2021

Rosa María Quintana Carballo
Conselleira do Mar

CVE-DOG: tf4ffuj3-zgj7-itt3-xqf4-zoqnb5uuqyy8

